DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, III: Alemán-Español

Materia	Tradución idioma 2, III: Alemán-Español			
Código	V01G230V01614			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Parada Dieguez, Arturo			
Profesorado	Parada Dieguez, Arturo			
Correo-e	aparada@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/aparada			
Descrición xeral	Reforzarase o alumnado na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé nos aspectos estilístico contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas. Incluirase unha introdución ás linguaxes de especialización.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
A17	Capacidade de tomar decisións
A21	Rigor e seriedade no traballo
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialdade dos repertorios das culturas orixinal e termo; ampliar os coñecementos teóricos da tradución e a súa aplicación; desenvolver a creatividade e a inferencia na resolución das situacións tradutivas.	A1 A2 A4	B1 B2 B9 B10
(*)El estudiante debe conocer desde un enfoque lingüístico-contrastivo las principales diferencias entre el alemán y el español y poner adecuadamente en práctica estos conocimientos.	A1 A3 A4	B1 B2 B9 B14 B22
Competencias contrastivas: dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas estilísticas entre ambas as linguas, cunha iniciación a este tipo de diferenzas nas linguaxes de especialidade; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas, traballando particularmente co concepto de xénero textual; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	A1 A2 A3 A4 A8 A9 A14 A17	B1 B2 B4 B7 B9 B10 B14 B15 B17 B18 B22 B23
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos instrutivos, argumentativos e expositivos: descritivo, narrativo, expositivo-conceptual (p. ex., manuais, ensaios, ciencias humanas).	A1 A2 A3 A4 A8 A14 A15 A17 A28	B1 B2 B4 B5 B7 B9 B10 B14 B15 B17 B18 B22 B23
Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar o dominio dos diferentes aspectos das relacións interpersoais con clientes, iniciadores, destinatarios e informadores; desenvolver a capacidade para detectar as fallas de redacción e tradución propias e superalas.	A1 A2 A3 A4 A17 A21 A28	B1 B2 B4 B6 B7 B8 B15 B16 B17

Contidos

Tema	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Fontes de documentación en formato papel, en rede e textos paralelos 1.2 Estratexias tradutivas 1.3 Control de calidade (autoavaliación, avaliación allea)
2. Problemas específicos da tradución	2.1. Estilística contrastiva enfocada ás linguaxes especializadas (nominalizacións, construcións de participio, Funktionsverbgefüge) 2.2 Referentes culturais
3. Análise de textos en alemán	3.1 Funcións textuais 3.2 Tipoloxías 3.3 Comprensión lectora e resumo de textos de opinión, de reportaxes, etc.
4. Tradución de textos	4.1 Textos argumentativos 4.2 Textos expositivos: divulgación científica 4.3 Textos exhortativos: textos instrutivos técnicos de uso non-especializado 4.4 Textos narrativos: literarios (introdución)
5. Mercado da tradución do alemán	[sen subtemas]

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais

Resolución de problemas e/ou exercicios	8	16	24
Traballos de aula	8	16	24
Metodoloxías integradas	6	12	18
Traballos tutelados	2	8	10
Presentacións/exposicións	4	12	16
Actividades introdutorias	2	2	4
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	12	18
Estudo de casos/análise de situacións	6	12	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse exercicios de tradución que tentarán reproducir situacións reais, así como exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas sesións maxistrais, nas horas presenciais farase o traballo previo de análise. A seguir, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua (15%).
Traballos de aula	Consisten en exercicios que se desenvolverán na propia aula. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de resolución de problemas tradutivos, análise textual ou corrección de traducións. Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e as prácticas autónomas a través das TIC (10%).
Metodoloxías integradas	Para estas prácticas precísase dispor de equipo informático con conexión a Internet. Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución. Avaliaranse conxuntamente cos traballos de aula e as prácticas autónomas a través de TIC (10%).
Traballos tutelados	Inclúese aquí a encomenda de tradución que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua e que consistirá na tradución dun texto de aprox. 1500 palabras (35%). O alumnado contará coa tutela da profesora que lle explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá un comentario tradutivo dun texto traducido na casa. Haberá quenda de preguntas e debate.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (farase un test de nivel de lingua alemá e de tradución), así como a presentar a materia. En especial, explicarase o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a bibliografía de lectura obrigatoria.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado realizará a encomenda de tradución baixo a tutela da docente. Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula no horario de titorías. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Traballos de aula	O alumnado realizará a encomenda de tradución baixo a tutela da docente. Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula no horario de titorías. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Traballos tutelados	O alumnado realizará a encomenda de tradución baixo a tutela da docente. Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula no horario de titorías. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.
Probas	**Descrición**
Resolución de problemas e/ou exercicios	
Estudo de casos/análise de situacións	

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas desenvoltos na aula ou na casa.	5

Metodoloxías integradas	Avaliaranse conxuntamente cos traballos de aula e as prácticas autónomas a través de TIC.	10
Traballos tutelados	Avalíase a encomenda de tradución (aprox. 1500 palabras). A/o alumna/o deberá expor na aula os problemas que presentou o traballo, así como as estratexias tradutivas adoptadas.	10
Presentacións/exposicións	Avalíase a competencia discursiva do alumnado nun contexto formal, o emprego da terminoloxía axeitada e a capacidade argumentativa (cf. "Traballos tutelados").	5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá na tradución dun texto de aprox. 250 palabras que abordará varios temas estudados ao longo do semestre. Ademais da tradución, a/o alumna/o deberá xustificar nun comentario (mín. 300 palabras) algunhas das decisións adoptadas na tradución. Os dous exercicios (tradución e comentario) farán media ponderada atendendo á seguinte relación: 85% para a tradución e 15% para o comentario. O exame farase preferentemente con procesador de textos, polo que a/o alumna/o poderá levar o seu ordenador. Tamén poderá levar material de apoio (apuntamentos, dicionarios etc.). O exame terá lugar na data oficial fixada pola Xunta de Facultade para a convocatoria de xuño.	70

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

A avaliación continua é a modalidade de ensino presencial para a materia. Neste sentido, a condición para ser avaliada/o será a asistencia a un 80% das aulas. Levarase un control de asistencia mediante folla de sinatura. Se algunha persoa non pode cumprir esta condición, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e presentar os xustificantes correspondentes.

A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única.

A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

Ao longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de ensino presencial (avaliación continua) poderá presentarse ao exame oficial da materia na data oficial fixada pola Xunta de Facultade para a convocatoria de xuño.

O exame final incluirá cuestións teóricas e prácticas relativas ao total dos contidos abordados ao longo do semestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é un 5 sobre 10. Como material de apoio para o exame poderase levar ordenador (procesador de textos, dicionarios instalados e apuntamentos) e todo tipo de obras de consulta. Os exercicios do exame realizaranse en papel. O exame constará dun exercicio de tradución de aprox. 250 palabras, dúas preguntas sobre as estratexias tradutivas aplicadas e unha pregunta sobre a lectura obrigatoria. Todos os exercicios farán media atendendo á seguinte relación: 85% para a tradución, 10% para as preguntas sobre estratexias tradutivas e 5% para a pregunta da lectura obrigatoria.

Penalizarase a copia e o plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Kittel, Harald, et. al., **Übersetzung : ein internationales Handbuch zur Übersetzungsforschung**, Berlin,

Hans G. Hönig, Paul Kussmaul, **Strategie der Ubersetzung : ein Lehr- und Arbeitsbuch**, Tübingen : Gunter Narr,

Elena García, Pilar, **El Traductor y el texto : curso básico de traducción general (alemán-español)**, Barcelona, Ariel,

Hönig, H. G.; Kussmaul, P., **Strategie der Übersetzung. Ein Lehr- und Arbeitsbuch**, Tübingen: Gunter Narr,

Pilar Elena, Carlos Fortea y Silvia Roiss (eds.), **STIAL [Recurso electrónico] : II Simposio de la traducción-interpretación del-al alemán**, Salamanca, Universidad,

Nelson Cartagena und Hans-Martin Gauger, **Vergleichende Grammatik Spanisch-Deutsch**, Mannheim : Dudenverlag,

Harald Kittel, **Geschichte, system, literarische übersetzung**, Berlin : Erich Schmidt,

Kaufmann, S.; Rohrmann, L.; Szablewski-Cavus, P., **Orientierungskurs Deutschland**, Langenscheidt,

Lectura obrigatoria:

VV. AA. (2011): *Orientierungskurs Deutschland*. Langenscheidt.

Avaliación das lecturas:

Alumnado de avaliación continua: na aula traballarase co texto da lectura obrigatoria, polo que non se avaliará especificamente. Entregarase na clase bibliografía complementaria.

Alumnado de avaliación única: incluirase unha pregunta no exame a respecto da lectura (vid. "Avaliación").

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407
Tradución idioma 2, II: Alemán-Español/V01G230V01511

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia, é recomendable ter acadado o nivel B2 en alemán.